

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Integrados de Formación Profesional**

**Modelo MD85ORI05**

# **Plan Xeral de Atención á Diversidade**

Curso: 2025 - 2026

CIFP: Politécnico de Santiago

## Índice

---

1	Xustificación baseada no contexto.....	3
2	Identificación e valoración das necesidades.....	3
3	Determinación dos obxectivos.....	3
4	Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade.	3
5	Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas.....	3
6	Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.....	3
7	Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.....	3
8	Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro.....	3
9	Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	3
10	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	4

# 1 Xustificación baseada no contexto

---

## 1.1 Xustificación

Na actualidade, os profesores dos centros integrados de formación profesional atópanse con alumnado cada vez máis diverso e heteroxéneo debido a múltiples factores: diferentes idades, diferentes países e cultura de procedencia, diferenzas en cuanto a formación coa que acceden a FP, inclusión de alumnado con necesidades educativas especiais, alumnos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, alumnos/as que presentan trastornos de comportamento, alumnado con altas capacidades intelectuais, etc.

Identificadas as necesidades específicas haberá que adaptar as respostas educativas dende a programación de aula ata outras propostas que modifiquen máis ou menos o currículo, estruturas organizativas diferentes, recursos persoais e materiais diferentes, etc. , tendo en conta os principios de no discriminación, normalización e inclusión.

A atención á diversidade enténdese como un mecanismo de axuste da oferta educativa ás capacidades, intereses e necesidades do alumnado que actúa como elemento compensador das desigualdades en educación.

## 1.2 Normativa

O Plan de Atención á Diversidade e os principios de actuación derivan da seguinte lexislación:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, 2/2006, do 3 de maio, de educación, e 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.
- Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional
- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Real decreto 659/2023, do 18 xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- Real decreto 278/2023, de 11 de abril, polo que se establece o calendario de implantación do Sistema de Formación Profesional establecido pola Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- Real decreto 498/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 499/2024, do 21 de mai, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao medio e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.



- Real decreto 500/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grao superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- Real decreto 497/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen, no ámbito da Formación Profesional, cursos de especialización de grao medio e superior e fíxanse as súas ensinanzas mínimas
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 28 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo do 98 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- 

Finalmente, é importante tomar como referencia os PROTOCOLOS publicados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que supoñen un marco de acción común para actuar en temas relacionados coa atención á diversidade e implicar e forzar a coordinación interprofesional e interinstitucional. Serven para orientar a nosa actuación docente no marco da atención á diversidade e deberán ser tidos en conta por toda a Comunidade Educativa do centro no desenvolvemento das súas funcións. Serán de especial uso no marco desta concreción anual do PXAD no centro os seguintes:

- Protocolo para atención educativa ao alumnado con Discapacidade Auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista(TEA).
- O protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Urxencias Sanitarias.
  - Adenda de diabetes
  - Adenda de enfermidades inflamatorias
- Protocolo de Absentismo Escolar.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero.
- Protocolo de actuación contra a violencia na infancia e na adolescencia no ámbito educativo.
- Protocolo de acollida do alumnado estranxeiro.

### 1.3 Contexto do CIFP

O "CIFP Politécnico de Santiago " está situado na Avda. de Rosalía de Castro, nº 133, no barrio de Conxo.

Trátase dun centro público, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP da Xunta de Galicia.


Ata a entrada en vigor da LOXSE este era un centro específico de formación profesional (IFP), herdeiro da antiga Escola Elemental do Traballo.

A orixe do CIFP Politécnico de Santiago remóntase ao ano 1930, chamándose daquela Escola Elemental de Traballo, estando asentada no actual Museo do Pobo Galego.

Despois de sufrir varios cambios na nomenclatura do centro, coa entrada da LOXSE convértese en "IES Monte de Conxo", impartindo ESO e Bacharelato, ensinanzas de Adultos, programas de Garantía Social e Ciclos Formativos de FP de Grao Medio e Superior, máis tarde CIFP Monte de Conxo e desde o 17 de setembro de 2007, en Centro Integrado de Formación Profesional "Politécnico de Santiago".

No presente curso 2025-2026 están matriculados no centro 1480 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito:

Alumnado por familia e sexo	Sexo		
	Home	Muller	Total
ELE	571	53	624
FME	125	3	128
IMA	64	2	66
MAM	180	58	238
QUI	69	92	161
SEA	23	14	37
TMV	224	12	236
<b>Total</b>	<b>1247</b>	<b>233</b>	<b>1480</b>



O alumnado masculino predomina en todas as familias excepto Química. A presenza feminina é testemuñal nas familias de Electricidade e electrónica, Fabricación mecánica, Instalación e mantemento e Transporte e mantemento de vehículos.

## 2 Identificación e valoración das necesidades

Tendo en conta os principios de normalización e inclusión dos que parte a atención á diversidade, todo o alumnado do CIFP participa deste Plan de Atención a Diversidade.

A avaliación inicial é un instrumento básico para a detección e identificación de necesidades, contribúe ao coñecemento do alumnado e posibilita a toma de decisións para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas para cada alumno/a.

Unha vez detectadas as necesidades aplicaranse as medidas ordinarias de atención á diversidade ou programando e organizando medidas de carácter extraordinario, se foxen necesarias.

As accións a realizar neste ámbito no presente curso serán as seguintes:

- Aplicación do cuestionario de avaliación inicial por parte dos titores/as coa finalidade de detectar necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.
- Valoración e información aos titores/as das medidas de atención á diversidade a levar a cabo en función das necesidades detectadas( aplicación dos protocolos correspondentes).
- Valorarase a posibilidade de elaborar e implementar de xeito coordinado co profesorado titor/a, algún programa específico de intervención nos CFGBásico.
- Proporcionar asesoramento ao alumnado, familias e profesorado ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social, que puideran interferir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Proposta de medidas extraordinarias de atención á diversidade (flexibilización modular de ser o caso do alumnado que despois dunha valoración se considere que é a medida máis adecuada para dar resposta ás súas necesidades).
- Colaborar cos Servizos Sociais do Concello (educadora familiar e traballadoras sociais) no seguimento do alumnado con situacións de vulnerabilidade, en coordinación cos profesores dos módulos e titoras/es.

### 3 Determinación dos obxectivos

---

- 1 Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado.
- 2 Ser o instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, a planificación e organización dos recursos persoais de que dispón, para axustalos ás necesidades grupais e /ou individuais do alumnado que precise destas medidas.
- 3 Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan ao necesario reaxuste das intervencións do profesorado.
- 4 Guiar a avaliación interna da eficacia da atención á diversidade ao finalizar cada curso escolar, e identificar aqueles aspectos que se precisan mellorar.
- 5 Facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo( NEAE).
- 6 Fomentar a participación das familias e implicalas no proceso educativo dos seus fillos/as.
- 7 Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao centro.
- 8 Favorecer a integración social e educativa posibilitando o desenvolvemento de valores como a tolerancia e o respecto en todo o alumnado.
- 9 Difundir as actuacións e medidas de atención á diversidade no centro.
- 10 Fomentar a actitude positiva e reflexiva respecto ao tratamento da diversidade do alumnado, recoñecendo a importancia de planificar e avaliar as medidas que se levan a cabo.
- 11 Motivar ó profesorado para unha formación relacionada coa atención á diversidade do alumnado, para unha mellora na prevención e detección de problemas ou dificultades educativas que presente o alumnado.

12 Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.

## 4 Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade

---

A atención a diversidade do alumnado tenderá a conseguir os obxectivos programados con carácter xeral e rexerese polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión, igualdade efectiva entre mulleres e homes, accesibilidade universal e cooperación da comunidade educativa.

O proxecto funcional do CIFP acollerá positivamente o respecto aos principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais.

### 4.1 Actuacións do centro.

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, o centro deberá:

- 1 Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos.
- 2 Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- 3 Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- 4 Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- 5 Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- 6 Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- 7 Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- 8 Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

### 4.2. Actuacións dirixidas á atención á diversidade

- A distribución equilibrada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo entre grupos do mesmo ciclo e curso.
- Medidas de acción positiva que faciliten a prevención do absentismo e abandono escolar no CFG Básico.
- As axudas técnicas individuais e equipamentos específicos para favorecer a comunicación, mobilidade acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais eliminando as barreiras físicas, comunicativas e de acceso ao aprendizaxe.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por todo o profesorado.
- Promover a implicación de nais, pais ou titores legais do alumno no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito de atención a diversidade.

- Favorecer o intercambio de experiencias no ámbito de atención a diversidade.

## 4.2 Medidas de acción educativa

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

**Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.**

## 4.3 Medidas

### Medidas Ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado*
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.*
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.*
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.*
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.*
- Actividades de seguimento, recuperación y avaliación de pendentes.*

### Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Nos Ciclos Formativos de Formación Profesional establécese para alumnado con NEE:

- *Flexibilización modular de ciclos formativos (art. 61 D.114/2010), coas diferenzas que podan corresponder entre o CF Grao Básico e os Ciclos de Grao Medio e Grao Superior.*

## Accesibilidade universal

A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar as ensinanzas de formación profesional nas condicións establecidas na disposición adicional terceira do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Poderán adoptarse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Flexibilización modular de ciclos formativos: Artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ***poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.***

### 4.4 Programas para a atención a diversidade

Estes programas desenvolveranse de modo transversal nos módulos dos ciclos, segundo o desenvolvemento das programacións de aula. En todo caso poderán ter un peso específico na sesión de tutoría presencial do CF Grao Básico, segundo as necesidades do grupo - clase detectadas polo equipo docente.

- a) Programas de habilidades e competencias sociais.
- b) Programas para a mellora da convivencia.
- c) Programas de estratexias de aprendizaxe ou técnicas de traballo intelectual.
- d) Programas de transición á vida laboral (no marco do POAP).

## 5 Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas

---

### Criterios organizativos e distribución de recursos:

As actuacións organízanse dentro do horario xeral do centro.

Para conseguir a optimización dos recursos, é necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado que intervéñen no proceso educativo do grupo.

Priorízase a dotación de recursos (humanos, organizativos e materiais) para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

O procedemento que se seguirá para a aplicación ou posta en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade será o seguinte:

- Alumnado con neae.
- Análise das necesidades detectadas nos diferentes cursos, a través das reunións da xefatura de estudos cos titores/as e Departamento de IOP, dos resultados das probas de avaliación inicial de comezos de curso.

- A inicio de curso, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai dispor o centro, decídese as medidas de atención á diversidade. Será imprescindible a información recollida na avaliación inicial polos titores/as.
- Aplicaranse os protocolos de atención á diversidade editados pola Consellería para dar resposta ao alumnado NEAE.

## 6 Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

---

Será responsabilidade do Equipo directivo o desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención a Diversidade, de acordo co Decreto 229/2011 e orde 8 setembro 2021 que desenvolve o D. 229/2011.

O Departamento de orientación será o responsable de elaborar, de acordo coas directrices establecidas e as achegas dos departamentos das familias profesionais e equipos docentes, a proposta do Plan Xeral de Atención a Diversidade que trasladará ao Equipo Directivo.

Os xefes de departamento de familias profesionais e os titores na súa faceta de responsables dos equipos docentes, asumen a tarefa operativa de integrar a atención a diversidade nas programacións e diariamente nas aulas.

Todo o persoal do Centro no seu conxunto, é responsable da atención a diversidade desde un plantexamento conceptual de normalización e inclusión, premisas básicas do propio Plan Xeral de Atención a Diversidade.

### Recursos internos

Titor/a e equipo docente:

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar co/a xefe/a do departamento de IOP a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar co profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, se é o caso, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.

Orientador/a:

- Elaborar, de acordo coas aportacións establecidas polos departamentos, o Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Acción Tutorial.

- Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Equipo directivo :

- Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan.

## Recursos externos

Nos casos en que, por propia decisión, das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de IOP, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro( servizos sociais, EOE, psicólogo/a, pedagogo/a...) estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

## 7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

---

Os mecanismos de coordinación e colaboración están vinculados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e ten en conta as funcións que teñen os distintos servizos e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade.

### Actuacións de colaboración e coordinación internas

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións mensuais do Departamento de Información e Orientación Profesional.
- Reunións dos Departamentos.
- Reunións de titores/as en función de necesidades concretas.
- Reunións de coordinación e intercambio de información entre os profesionais externos que atenden ao alumnado NEAE, de ser preciso.
- Reunións e contacto fluído dos titores/as co/a orientador/a.
- Tutorías coas familias.

### Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e con centros adscritos

- Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 4º ESO, Bach coa finalidade de que coñezan a oferta educativa do centro.

### Coordinación coas familias

- Reunións a través do titor/a.
- Reunións co departamento de orientación.
- Informes escritos.
- Conversas telefónicas.

## 8 Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro

---

### Titores legais

Garantir una axeitada atención á diversidade esixe que existan vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación en distintos ámbitos e niveis.

Para dar resposta á diversidade considéranse esenciais todas aquelas actuacións organizativas que repercutan no proceso de ensino e aprendizaxe. De modo continuo facilitarase o intercambio de información: parte de comunicación de faltas de asistencia, partes de incidencias, informe escolar, solicitude de demanda de intervención, etc.

Algunhas das iniciativas que ilustran o modelo de comunicación e intercambio de información coas familias fanse visibles a través das seguintes actuacións:

- Reunión inicial de acollida das familias (setembro/outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Contacto das familias co profesorado: hora de atención a pais e nais e información de cualificacións con carácter trimestral.
- Contacto bidireccional (alumnado-profesorado): hora de atención a alumnado.
- Comunicación ás familias para solicitar a súa autorización no referente medidas extraordinarias de atención á diversidade (Flexibilización modular, de ser o caso).
- Coordinación entre os profesionais que atenden ao alumnado con NEAE.
- Entrevistas periódicas mantidas co titor/a ao longo do curso para facer o seguimento do proceso de aprendizaxe.

### Coordinación con servizos externos ao centro

En canto ós servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:

- Colaboración con Asociacións que contan con convenio coa consellería de educación que traballan con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaboración do Departamento de IOP con outros DO e co EOE de Coruña.
- Colaboración nas demandas dos servizos de orientación centrais da Consellería de Educación.
- Colaboración do Departamento de IOP co Servizo de Inspección Educativa facilitando a información que este demanda.
- Centro de Recursos.
- EOE

### Unidade de Saúde Mental

Intercambio e aportación de información de alumnado atendido nesa unidade.

### Servizos sociais

- Colaboración con servizos sociais.
- Conversas telefónicas.

## 9 Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

---

As referencias e actuacións derivadas da avaliación psicopedagóxica, informe psicopedagóxico, ditame de escolarización e actuacións do EOE, do propio PXAD, entenderanse referidas ao disposto na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os informes solicitados ao Departamento de Información e orientación Profesional faranse segundo o modelo do Departamento a través do rexistro do centro. Serán atendidos por orde de solicitude e segundo dispoñibilidade horaria do departamento.

PROTOCOLOS SOLICITUDE AUTORIZACIÓN MAD



### Solicitud de intervención do EOE

Na actualidade a solicitude ao EOE realizarase a través da aplicación ANEAE.

Don/a .....con D.N.I.:.....

nai , pai do alumno/a .....

escolarizada en ..... CFG Básico/CM/CS.....

### EXPÓN

Que foi informado/a polo DIOP da conveniencia de intervención do especialista do EOE coa finalidade de atender ás necesidades do seu fillo/a. Con este motivo solicitamos a intervención do especialista en:

- Sobredotación intelectual
- Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento
- Discapacidades Motoras
- Traballo Social
- Trastornos de conducta
- Discapacidades Sensoriales
- Orientación Vocacional

### MANIFESTA

- A súa conformidade
- A súa disconformidade

Santiago, a .....de .....de 202

Asdo.:

Asdo.:

A nai/pai ou titor legal

O alumno/a

## Solicitud flexibilización modular (ORDE do 12 de xullo de 2011)

### Informe do departamento de información e orientación profesional

Datos de identificación do alumno/a	
Nome e Apelidos	
Data de nacemento	
DNI	
Domicilio familiar	
Teléfono de contacto	
Ensinanzas nas que se atopa escolarizada	
Centro de Escolarización	
Outros Informes anteriores	
Revisión	

O artigo 15 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, de acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Logo de realizada a Avaliación Inicial, e revisadas as circunstancias persoais, soais e académicas do alumno/a o Equipo Docente considera axeitado propor ao alumno/a para cursar o 1º curso do Ciclo Formativo de Grao Medio en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, coa temporalización distinta á establecida con carácter xeral que se xunta con este informe.

### Xustificación da Medida

### Datos académicos/historia escolar

Estudos realizados:

## Datos sobre a discapacidade

En Santiago, a .... de ..... do 202

A Xefa do Departamento de Información e Orientación Profesional

Asdo: .....

### Proposta da nova distribución para cursar as ensinanzas

O artigo 16 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación do alumnado de FP Inicial, concreta o procedemento de solicitude de flexibilización modular, establecendo como requisito a proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas.

Alumno/a:	
Data de Nacemento:	
Ensinanzas nas que está matriculado:	
Curso:	
Titor/a:	

Módulos seleccionados para cursar no curso 2022-2023	
-	Nº HORAS:
-	
-	
Módulos seleccionados para cursar no curso 2023-2024	
-	
-	
-	

Xúntase horario do alumno/a.

Esta proposta concrétase logo de realizada a sesión de avaliación inicial do grupo. O Equipo Docente, co asesoramento do Departamento de Información e Orientación Profesional do centro ao que está adscrito, considera que a través desta medida o alumno/a mellora nas opcións de alcanzar as competencias e obxectivos do título.

En Santiago, a... de de 202

O titor/a. Asdo.:



### Consentimento informado da familia/alumno/a

CONFORMIDADE EXPRESA do pai e da nai, ou de quen teña asignada a representación legal do alumno/a, en caso de ser menor de idade, NOME ..... ou a súa propia, se é maior de idade, NOME .....

CONFORME

NON CONFORME

Santiago a, .....de .....de 202

Asdo: .....



### Solicitud da medida de flexibilización modular en ciclos formativos<sup>1</sup>

Don Nicolás Espasandín Gerpe, director do CIFP Politécnico de Santiago, unha vez realizada a Avaliación Inicial, SOLICITA autorización da medida de FLEXIBILIZACIÓN MODULAR, para o alumno matriculado no centro:

ALUMNO/A: .....

Xúntase a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida elaborado polo Dpto. de Información e Orientación Profesional do centro en colaboración co profesor/a que exercen a tutoría
- b) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas coa Conformidade expresa do pai, nai ou titor legal do alumno/a, en caso de ser menor de idade, ou da súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico

Santiago de Compostela, .... de ..... de 202...  
O Director

### 1 Destinatario: Servizo Territorial de Inspección Educativa



### Solicitud de informe

Don/Dona .....con DNI: .....

NAI/PAI/TITORLEGAL/do alumno/a.....

do/ciclo CGB/CM/CS .....Curso:.....

Modalidade:

SOLICITA:

- Informe do titor/a.
- Informe do Departamento de Información e Orientación Profesional.

A petición de:.....

.....

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 202...

## 10 Procesos de seguimiento, avaliación e mellora do plan

---

Realizarase seguimento coincidindo coas reunións de Departamento de Información e Orientación Profesional.

Para a avaliación terase en conta os datos subministrados pola comunidade escolar: titores/as, profesorado, alumnos/as e pais/nais. Tendo en conta os seguintes criterios xerais:

- Adecuación do plan ás necesidades dos destinatarios.
- Adecuación dos obxectivos aos logros acadados.
- Adecuación das actividades programadas.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Adecuación da temporalización.
- Participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Implicación dos responsables implicados nas mesmas.

Como instrumentos de recollida de información:

- Información oral directa recollida polos usuarios do DIOP diariamente.
- Grao de satisfacción observado polo departamento.
- Comunicación das melloras ao equipo directivo para a mellora do servizo.
- Información recollida polas xefaturas de departamentos de familia profesional (todas forman parte do DIOP) e transmitidas ao xefe do DIOP nas reunións mensuais.
- Ausencia ou resolución inmediata das reclamacións formais do alumnado, segundo corresponda.

### Melloras do Plan

A partir das da revisión das propostas de mellora recollidas na memoria anual.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025.

Xefe departamento de información e orientación profesional

Florentina Rivadulla Taboada

